

UNHA REFLEXIÓN SOBRE O FUTURO DA ECONOMÍA QUE NOS AMEAZA

[Conferencia pronunciada polo catedrático de Economía Aplicada
da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, D. Fabián Estapé Rodríguez]

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 5 novembro 1997

Aceptado: 13 xaneiro 1998

A secretaria da nosa *Revista Galega de Economía* pídeme que faga unha pequena recensión da conferencia que deu o día 30 de outubro de 1997 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela o catedrático de Economía Aplicada da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, D. Fabián Estapé Rodríguez, baixo o título *Unha reflexión sobre o futuro da economía que nos ameaza*.

Creo, e así o dixen nas fructíferas reunións do Consello de Redacción desta revista, que é importante que a revista organice (interveña en) conferencias, coloquios, debates abertos, nos que poidan participa-los estudantes, os profesores, os investigadores, os profesionais, os expertos, os responsables públicos que teñen que ver co mundo da economía, co seu xogo e desenvolvemento en tódolos ámbitos para que poidan informarse mutuamente, intercambiar, confronta-las súas hipóteses, as súas análises, os seus puntos de vista... A universidade non pode nin debe converterse nunha gardería pasa-apuntamentos, pasa-exames...

Fabián Estapé, dende hai moito tempo, está vinculado activamente coa noa facultade. Como nos dixo na súa conferencia, participou, convocado polo querido amigo Carlos Otero, actualmente presidente do Tribunal de Contas de Galicia, e catedrático de Facenda Pública como el, na creación da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela, que botou a andar en outubro de 1967. Fabián Estapé tamén lembrou na conferencia que, cando a sede da facultade estaba no antigo Burgo das Nacións (unha das súas moitas sedes antes de chegar á actual e definitiva), había durante as clases, as conferencias... un poético ruído provocado pola xenerosa chuvia de Compostela ó bater contra os teitos de uralita desa residencia, creada polo réxime do xeneral Franco a comezos dos 60 para alberga-los peregrinos.

Fabián viría moitas máis veces á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago a dar excelentes conferencias, divertidas, lúcidas..., onde veu analizando os vínculos da economía e do seu xogo cos diferentes poderes. Nestas

conferencias presentóuno-los modelos e as teorías económicas, non de forma abstracta, fóra do tempo e do espacio, senón en relación co contexto histórico, socio-político-económico, a escala trans, mega, macro, meso e microsocioal, é dicir, en relación coa historia obxectivada nas institucións, nas estruturas políticas, económicas... e coa historia encarnada nos corpos, nos axentes, nos suxeitos, nos líderes concretos que toman decisións, que senten, gozan, padecen... A economía, aínda que algúns crean o contrario, ten que ver coa vida das xentes, coa posibilidade, segundo sexa esta, de vivir mellor individual e socialmente.

Unha vez máis, Fabián Estapé non nos defraudou na conferencia. Pasámolo fantásticamente no marabilloso percorrido político-económico, a escala macro e micro, das estruturas-institucións e dos grupos, axentes, líderes, polo que nos levou Fabián, para analiza-la peripecia de España, dos países europeos —sen esquece-la "nai patria norteamericana"— niso que primeiro se chamou o Euraton, despois o Mercado Común, agora a Comunidade Europea... e mañá... *chi lo sá!*

A peripecia dende que, como contou Fabián, se lle ocorreu ó ministro Castiella do goberno de Franco ("*los ministros cuando no saben que hacer escriben cartas...*") mandar unha carta, a comezos dos 60, para pedi-la entrada de España no Mercado Común; carta que foi contestada máis de 20 anos despois... Como di a canción: "*manda cartas a Europa...*".

Fabián analizou "polo miúdo", "endoxenamente", metido na cociña onde se preparan os pratos, como se coce realmente "isto que se chama Europa, Maastricht —Mastrique, segundo o ABC e o ABC non é moco de pavo...—", e quen son os que realmente cortan o bacallao no galiñeiro europeo e as consecuencias que diso se deducen.

Falounos de Maastricht/Mastrique, que pola propaganda política é o que máis se coñece. E falounos, tamén, dos acordos europeos de Dublín, "moito menos coñecidos, difundidos", como dixo Fabián. Acordos feitos en Dublín para os que se pasen/non cheguen en materia de política económica europea, do cadro macroeconómico..., que saberán o que é bo. A nosa *Revista Galega de Economía* fixo un número monográfico, o volume 5, número 2 de 1996, co título *A Unión Europea e Monetaria*, onde se conta o de Dublín e moitas máis cousas da Unión Europea.

En definitiva, Fabián Estapé coa súa gracia, coas súas bromas, coa súa sapiencia... fíxonos ver, unha vez máis (a "ciencia ten que facer visible o invisible"), as relacións da economía, das políticas económicas, neste caso do modelo europeo, co xogo dos poderes e intereses a escala trans, mega, macro, meso e microsocioal. Xogo no que, polo xeral, ós de abaixo lles toca a peor parte, o peor bacallao, adoitán paga-los pratos rotos, os experimentos ("moitas veces regados con moitísimo e boísimo borgoña...", e non con gaseosa; a gaseosa é para os de sempre e cando lles toca ¿eh?), as malas xogadas das vellas e novas clases dominantes do mundo mundial, do centro e da periferia.

Foi unha conferencia, como sempre, excelente, moi amena, lúcida, discutida...

Ata a próxima, querido Fabián, volve axiña (¡ah!, e dille a túa filla que intervén na radio máis parcial de España —cando foi unha das máis realmente plurais, independentes e rigorosas, ¡que peniña!— que siga mantendo o tipo, o rigor e a calma, como o fai e moi ben, que non se achique ante tanto sectarismo, manipulación, mala leite...).



Faint, illegible text at the top of the page, possibly bleed-through from the reverse side.

